

Na brétema do exilio, Seoane

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [1994]). “Na brétema do exilio, Seoane”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 1, 14-16. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/576>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal


GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1994). “Na brétema do exilio, Seoane”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 1, 14-16.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

1994: Ano de Luís Seoane

NA BRÉTEMA DO EXILIO, SEOANE

Helena González Fernández



Luís Seoane no seu estudio de Bos Aires, en novembro de 1978.

Seoane iniciou a súa andaina artística nas artes plásticas, sen embargo o seu compromiso coa causa galeguista de esquerdas levouno á literatura, ó mundo editorial e mais ó intenso labor xornalístico, procurando sempre códigos máis accesibles para un maior número de persoas, especialmente para as clases populares, que son o destinatario ideal dos seus textos, pois para el todas esas son canles diferentes pero axeitadas para as empregar como armas de concienciación contra a inxustiza.

Luís Seoane López naceu na *Quinta Provincia*, en Bos Aires, 1910, no seo dunha familia de emigrantes galegos dedicados ó comercio, con certo éxito, na capital do país que centraba as ilusións de todos aqueles galegos que crían no mito do *El dorado* americano, ou, alomenos, non tiñan máis remedio que crelo dada a súa precaria situación. A familia enteira regresou cando Seoane tiña a penas seis anos, polo que cursou os seus estudos de bacharelato e Dereito en Compostela, que naqueles momentos era un lugar de encontro interxeneracional para os “vellos” membros das Irmandades da Fala (liderados polo *Poeta da raza*, Ramón Cabanillas) ou os algo máis novos compoñentes da Xeración Nós (Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas...) e máis para os novos escritores, coetáneos de Seoane, que apostarán, maioritariamente por movementos de renovación debedores das vangardas que viñan de Europa. Neste ambiente, activo e ricaz, será onde se irá perfilando a súa vocación artística e mailas liñas básicas da súa ideoloxía, construída desde o convencemento do galeguismo de esquerdas, o que o levará a militar activamente na FUE (Federación Universitaria Española), debedores do maxisterio de Unamuno, e mais no Partido Galeguista, con Castelao como persoeiro aglutinador.

14 Os galeguistas concentraran a súa actuación cultural na recuperación da memoria e da cultura galega, que se mantiña viva nas clases populares. Por iso, calquera mostra etnográfica, calquera sinal, símbolo, construción ou rito tradicional acadaba inmediatamente unha grande relevancia e convertíase en modelo canonizado e susceptible de ser imitado. Todos estes artistas eran conscientes de que para asenta-las bases dunha nova cultura nacional cumpría ter moi presentes os sinais identificadores do ser galego. Así o entendeu tamén Seoane, discípulo moi achegado ó maxisterio de Castelao e Risco no que toca á función do artista comprometido coa sociedade á que pertence. E por iso, na súa pintura, nas súas ilustracións, nos seus murais ou nos seus poemas, os protagonistas verdadeiros son o home e a muller galegos: o mariñeiro, o segador, o pastor, a vella tola, a labrega... De tal xeito que toda a súa obra artística e literaria é unha longa restra de retratos populares que de seu explicitan o compromiso do autor cos seus conflitos e a súa vontade de dignificación.

Coa chegada da guerra civil, en 1936, exiliase en Bos Aires, onde os membros da comunidade galega procuran apoio ós intelectuais que se viron obrigados a fuxir. Así comeza a colaborar na prensa e encárgase da dirección da revista *Galicia*, traballos que simultaneará co seu labor como ilustrador e gravador para a Editorial Emecé e mais coa súa propia obra pictórica. Xunto con Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela, irá poñendo en marcha proxectos editoriais máis ou menos duradeiros concebidos para manter viva a chama do galeguismo e maila “anormal” continuidade do discurso cultural galego, tentando facer desde a Arxentina o que en Galicia estaba prohibido (prensa galeguista, reedición de obras de autores galegos, publicación de novos títulos, exposicións...). De feito débéselles a eles un capítulo do noso discurso cultural que na Galicia interior queda en branco.

Na década dos cincuenta Seoane é xa un sólido e prestixioso artista plástico, reconecido en América e Europa, facendo múltiples exposicións en ámbolos continentes. Tamén nos anos cincuenta é cando concentra a maior parte do seu labor literario. O Seoane escritor nace como consecuencia da súa teimosa loita a prol do galeguismo. Experimenta novos códigos, que lle son alleos pola súa vontade de aproveitar calquera canle que sexa susceptible de ser usada para propaga-las súas conviccións ideolóxicas por medio dun código máis apropiado para a transmisión de conceptos e máis accesible ás clases populares (“pretendo dicir con verbas o que eu supoño que non podó expresar dabondo con liñas e cores”).

O primeiro libro

En 1948 publica o seu primeiro libro, *Tres bojás de ruda y un ajo verde* (Buenos Aires, Botella al Mar, 1948), en castelán, que xunto con “O Cristo da montaña” (publicada na revista que Seoane gobernou en solitario, *Galicia emigrante*, en 1954) serán as únicas mostras narrativas do autor. É na década dos cincuenta cando publica o groso da súa produción literaria: tres poemarios, en galego, e tres textos teatrais, en castelán, aínda que un deles, *La soldadera* (Buenos Aires, Ariadna, 1957) foi escrito orixinarmente en galego e traducido, quizais, por razóns coxunturais, pois foi publicado no exilio nun momento en que a lingua

Galeguista convencido

Os galeguistas concentraran a súa actuación cultural na recuperación da memoria e da cultura galega, que se mantiña viva nas clases populares. Por iso, calquera mostra etnográfica, calquera sinal, símbolo, construción ou rito tradicional acadaba inmediatamente unha grande relevancia e convertíase en modelo canonizado e susceptible de ser imitado. Todos estes artistas eran conscientes de que para asenta-las bases dunha nova cultura nacional cumpría ter moi presentes os sinais identificadores do ser galego. Así o entendeu tamén Seoane, discípulo moi achegado ó maxisterio de Castelao e Risco no que toca á función do artista comprometido coa sociedade á que pertence. E por iso, na súa pintura, nas súas ilustracións, nos seus murais ou nos seus poemas, os protagonistas verdadeiros son o home e a muller galegos: o mariñeiro, o segador, o pastor, a vella tola, a labrega... De tal xeito que toda a súa obra artística e literaria é unha longa restra de retratos populares que de seu explicitan o compromiso do autor cos seus conflitos e a súa vontade de dignificación.

LUIS SEOANE

TRES HOJAS DE RUDA
Y
UN AJO VERDE
O
LAS NARRACIONES DE UN VAGABUNDO



Ediciones
BOTELLA AL MAR
Buenos Aires

galega carecía de prestixio, e, xa que logo, non podería actuar como o vehículo ideolóxico que Seoane pretendía. Sen embargo, na poesía, só empregou o galego.

Malía a progresiva frivolidade da comunidade emigrante galega desde 1950, ano en que morre Castelao en Bos Aires, Seoane segue a traballar arreo, ás veces desde a soedade, en novos proxectos culturais, especialmente nos proxectos que nacen á sombra de AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Estudiantes e Artistas): a editorial Citania e a revista e maila emisión radiofónica *Galicia Emigrante*. A súa sinceridade e coherencia ideolóxica e maila súa defensa da emigración levárono a manter afervoadas polémicas co pensador Ramón Piñeiro e mailo poeta Celso Emilio Ferreiro, respectivamente. De feito, o seu derradeiro poemario, o único que non foi publicado arredor da década dos cincuenta, *A maior abundamento* (Buenos Aires/A Coruña, Cuco-Rei, 1972) puido nacer como réplica en verso ó polémico libro de Celso Emilio *Viaxe ó país dos ananos*. En 1967 consegue regresar e simultanea as súas estadias en Galicia e Bos Aires, desempeñando un importante labor xunto con Isaac Díaz Pardo no Laboratorio de Formas e mais en Edicións do Castro. En 1979, xa instalado en España, Seoane morre na Coruña.

Poeta funcional

Marxismo e galeguismo foron os dous motores da súa andaina intelectual e artística. Por iso, a súa traxectoria poética non é froito da inspiración senón que obedece a unha formulación artellada racionalmente sobre a funcionalidade das artes como canles comunicativas e armas de concienciación. Esta estratexia é de carácter dialéctico

(nada máis en boga na arte do momento en Europa e nada máis axeitado á súa formación marxista) e vai desde a lectura ideolóxica e subxectiva do pasado ata a mostra das inxustizas do presente, ou sexa desde concienciación á denuncia. A función didáctica e a reapropiación da memoria común predomina nos primeiros poemarios (*Fardel de eisilado*, *Na brêtema*, *Sant-Iago* e a primeira parte de *As cicatrices*) e mentres que nas súas últimas mostras domina a función ideolóxica, ou sexa, o verdadeiro canto civil (a segunda parte de *As cicatrices*, *A maior abundamento* e dous poemas soltos, "Celsa R. I. aforcouse en xullo do 74" e "O mestre de Echternach"). Sen embargo, toda a súa produción artística (tanto a literaria coma a plástica) mantén unha unidade e unha grande coherencia cos seis principios básicos: a arte feita para o home, o compromiso co entorno, o realismo, a reapropiación de memoria histórica, a importancia do colectivo e o compromiso coa nación.


Aínda que Seoane probou sorte en tódolos xéneros literarios, foi na poesía onde atopou acomodo á súa voz, pola brevidade dos textos e porque a mensaxe aparece no verso máis directa, máis contundente e menos obxectiva. Estamos diante dun poeta que renuncia a case tódolos corsés de tipo formal para conseguir que o contido, a mensaxe, apareza clara, sen deixar posibilidade ningunha á ambigüidade, pois, antes de nada, pretende transmitir a súa visión da realidade que o circunda. Malia a aparente sinxeleza dos textos, non caíamos na inxenuidade de pensar que Seoane, coma calquera poeta social, se limita a fotografa-la realidade. Ben ó contrario. Dános, coidadosamente seleccionados retallos, anacos de realidade que ilustren as teses por eles defendidas.

Emigrante comprometido

Luis Seoane é, sen dúbida, o verdadeiro bardo da epopeia da emigración galega. El construíu desde a diáspora,



Autorretrato de Luis Seoane, do ano 1952.



Muller con flores, tapiz de Luís Seoane realizado no ano 1977.

desde o seu obrigado exilio na Arxentina por causa do golpe de estado de Francisco Franco, un dos discursos intelectuais e unha das traxectorias artísticas e literarias máis sólidas e máis expresamente comprometidas co fenómeno migratorio feitas desde a Galicia exterior. Desde o seu punto de vista, a emigración era a consecuencia dramática da maior lacra que sufría o pobo galego: a inxustiza. Unha inxustiza que era, e aínda é, dobre, xa que tiña coutados, menospreciados e sometidos os seus sinais de identidade como nación diferenciada, e porque a sociedade galega do seu tempo, formada basicamente por campesiños e mariñeiros, estaba sendo sobreexplotada por un feroz sistema de impostos e trabucos.

Os temas centrais da súa obra literaria son, por tanto, a inxusta situación económico-social que padece Galicia e maila consecuencia máis rechamante —por outra banda, a que el mellor coñecía pola súa experiencia—, a emigración foi un dos temas que gobernaron a súa voz poética. Coa denuncia destas situacións que nacen da inxustiza sentíase comprometido como intelectual marxista e como militante galeguista. E como o seu obxectivo era concienciar para mobilizar, na súa andaina literaria apostou por seguir unha extratexia baseada na relación dialéctica entre pasado e presente. Quer dicir, reapropiarse do pasado escurecido, calado ou terxiversado pola historia oficial para proxectar no presente a memoria histórica, a única que pode axudar a construí-la identidade diferencial galega. Baixo a súa perspectiva, moi debedora daquelas outras estratexias brechtianas, só cando un pobo é consciente da súa diferenza está disposto a loitar pola súa identidade. Polo tanto, a súa estratexia consistiu, primeiro, en amosar retallos da historia

de Galicia do esplendor, nomeadamente a Idade Media e logo, en chamar á loita, á rebelión, a estas xentes xa concienciadas.

Artista plástico

Para poder valorala importancia do labor literario, xornalístico, editorial e, por suposto, plástico (o máis completo, o máis logrado) parece-me imprescindible partir da certeza do seu compromiso coa sociedade. Estamos diante dun artista plástico, un magnífico artista plástico, ó que as súas conviccións ideolóxicas o levan a botar man da literatura para poder expresar dun xeito máis claro todo aquilo que nas artes plásticas non quedaba claro dabondo. Non buscaba o verso requintado nin o poema fermoso, senón a palabra sincera e chea de forza que iluminara as conciencias. Seoane non foi un grande poeta. Posiblemente non pretendeu selo nunca. Sen embargo, a sinceridade, a coherencia e mailo valor testemuñal dos seus poemarios están fóra de toda dúbida, e tódolos seus poemarios son indispensables para coñecer-la mentalidade dunha parte do pobo galego que padeceu, coma Seoane, a dura experiencia do afastamento da terra, sexa emigración, sexa exilio, e, sen embargo, conseguiu manter viva a chama acesa da galeguidade e a xustiza. Todos eles serven, pero sobre todo *Fardel de eisilado*, o poemario mellor estruturado, que está sendo considerado como a prehistoria alén mar da literatura civil, que tardará arredor de dez anos en callar na Galicia interior, cando Celso Emilio Ferreiro publica *Longa noite de pedra*, coa mesma sinceridade civil ca Seoane pero cunha maior forza poética e mellores condicións de publicación (impréntase en Galicia, foi lido pola inmensa maioría da minoría galeguista, atinxe o seu obxectivo de concienciar e mobilizar...).

Indubidablemente en Seoane temos un pintor, un muralista, un xornalista, un editor... e un poeta que cómpre ler para poder entende-la grandiosidade dunha obra que nace nos impedimentos do exilio pero que mostra, por riba de todo, o empeño esforzado dun home, dun individuo, que pon tódalas súas armas (o pincel e a pluma) ó servicio dunha causa colectiva, quizais utópica, quizais pouco acomodada á realidade, mais, en calquera caso, sincera e xusta.

Bibliografía literaria de Luís Seoane

EN CASTELÁN

Teatro:

La soldadera, Bos Aires, Ed. Ariadna, 1957.

“Esquema de farsa”, en *Galicia emigrante*, Bos Aires, nº 31, 1957.

El irlandés astrólogo, Bos Aires, Losange, 1959.

Narrativa:

Tres hojas de ruda y un ajo verde, Bos Aires, Ed. Botella al Mar, 1948.

EN GALEGO

Poesía:

Fardel de eisilado, Bos Aires, Edicións Ánxel Casal, 1952.

Na brétema, Sant-Iago, Bos Aires, Ed. Botella al Mar, 1956.

As cicatrices, Bos Aires, Ed. Citania, 1959.

A maior abundamento, Bos Aires/A Coruña, Ed. Cuco-Rei, 1972.

Narrativa:

“Un Cristo da montaña”, en *Galicia emigrante*, Bos Aires, nº 2, 1954.

Ensaio:

Comunicacións mesturadas, Vigo, Galicia, 1973.

Escolma de textos da audición radial “Galicia emigrante” (1954-1971), Ed. de Lino Braxe e Xavier Seoane, Sada, Ed. do Castro, 1989.